

**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

GUÍA



de

Comunicación



Esta Guía de Estilo pretende ser unha ferramenta para os e as profesionais da información e a comunicación e todas as persoas que pretendan comunicar a realidade social desde unha honesta obxectividade, sen estigmas e sen prexuízos. Do mesmo xeito, pretende transmitir a diversa realidade das persoas en risco de exclusión ou situación de dependencia, da diversidade funcional, dos menores, nenas e nenos, de idade en situación de conflito, das mulleres como colectivo vulnerable, da inmigración e as minorías étnicas.

O mundo está en pleno proceso de grandes transformacións sociais, impulsadas polas olas de migracións, a urbanización, o cambio climático, os avances tecnolóxicos. O envellecemento da sociedade nalgúns sitios e o aumento da poboación moza noutros. Todas estas transformacións ofrecen oportunidades para a inclusión, ou a exclusión, se non se fai nada para evitalo. A inclusión é importante en si mesma, pero tamén porque é o fundamento da prosperidade compartida. A exclusión social é sempre demasiado onerosa. Implica custos sociais, políticos e económicos se non se enfrenta a exclusión de grupos completos de persoas. É fundamental entender os por ques, as causas da exclusión, e hai moitos xeitos de facelo.

As e os traballadores sociais xogan un rol fundamental á hora de descubrir eses motivos e prever ou analizar as consecuencias. O seu traballo de acompañamento é básico para saber manexar e corrixir situacións deste tipo. Porén, hai outra pata fundamental: a comunicación.

Cada comunicador ou comunicadora, cada xornalista é responsable da mediación que fai entre os feitos e a sociedade. Por iso

esta mediación debe ser honesta, rigorosa e cunha linguaxe que conciencie e cree os marcos adecuados na mente das persoas receptoras.

O obxectivo desta guía é ofrecer solucións para que as e os profesionais da comunicación poidan achegarse á poliédrica realidade dos colectivos sociais relacionados co Traballo Social, dar unha visión máis real e menos estereotipada destes grupos.

A nosa intención é que este documento resulte unha ferramenta útil que mellore a mediación entre a realidade e o público que é, en esencia, a fin do bo xornalismo.



O dereito á dignidade das persoas é un dos dereitos fundamentais básicos que máis relación ten co dereito á información. O código deontolóxico da Federación de Asociacións da Prensa de España (FAPE) sinala que “o xornalista está sometido aos límites que impidan a vulneración de outros dereitos fundamentais”.

Por outra banda **“o ou a xornalista debe extremar o seu celo profesional no respecto aos dereitos dos e das máis débiles e discriminados”**, “debe manter unha especial sensibilidade nos casos de información ou opinión de contido eventualmente discriminatorio, ou susceptible de incitar á violencia ou prácticas humanas degradantes”.

Polo tanto, consideramos que para respectar estes dereitos os e as profesionais da comunicación deben:

- Buscar unha mirada e un enfoque dirixidos ás causas estruturais dos problemas, deixando de lado o truculento e sensacionalista da historia.
- Fuxir do morbo gratuito e ter sentido común.
- Evitar extremos, prexuizos e estereotipos.
- Coidar a linguaxe: Non usar palabras ou expresións que estigmatizen ás persoas ou induzan a quen le a ter unha visión negativa.
- Diversificar as fontes: os e as profesionais teñen que buscar outro punto de vista, non recorrer só a datos oficiais e ás persoas implicadas como fontes de información.

- Acudir ás entidades ou organizacións encargadas de determinados colectivos para establecer unha relación de confianza e lograr así testemuñas que favorezan unha información máis veraz, positiva e respectuosa.

- Contrarrestar as informacións negativas con outras de tratamento positivo que poñan en valor a forza persoal e a vontade de cambio das persoas afectadas así como o traballo de diversas entidades e institucións que axudan neste proceso.

- A imaxe non o é todo: é moi importante non caer no amarelismo. Os planos curtos deben evitarse para non identificar directamente ás persoas afectadas coa fin de non estigmatizalas. Os planos aos que se debe recorrer son os xerais, de costas, ou nos que non se identifique ás persoas protagonistas, sobre todo se non se conta co seu consentimento previo.

- Coidar as imaxes de arquivo: os medios deberían comprometerse a controlar, identificar, vixiar e actualizar o seu arquivo para asegurar un adecuado tratamento fotográfico ou visual das informacións que se publiquen ou emitan.

A continuación ofrecemos dúas noticias do xornal Atlántico que non teñen aplicado un filtro de xornalismo social: dan nomes, historial clínico, estigmatizan, mostran só a parte negativa... O Colexio de Traballo Social xa enviara unha carta en 2015 por rexistro ao diario para alertar desta mala praxe que se repetiu en 2016.

Una indigente trae en jaque a los vecinos de la calle Coruña

En la calle Coruña todo el mundo la conoce. Se la suele ver deambulando con una “litrona” en la mano, el pelo revuelto y hablando sola entre las terrazas de los bares o pidiendo tabaco a los viandantes. Pero lo peor es “cuando la lía, que es casi siempre, y empieza a tirar botellas a los coches, a insultar e incluso agredir a quien se encuentra delante”, explica una de las comerciantes del entorno, que ya se ha visto obligada a huir y refugiarse en un local cercano cuando esta indigente le pidió un cigarro y le respondió que no fumaba. Y es que Azucena, como la llaman algunos, se ha convertido en un problema social y humano al que nadie sabe dar respuesta y que trae en vilo a todo el barrio.

“Estuvimos tranquilos unos días, pero ha regresado”, explica la encargada de un bar, cuyos clientes suelen ser blanco frecuente de esta mujer de mediana edad que cuando está serena “hasta habla con normalidad con la gente, aunque le dura poco porque es muy agresiva y enseguida se siente atacada”, comenta una vecina que prefiere no dar su nombre por temor a ser identificada. Tampoco la Policía logra mucho con ella. La presencia de las patrullas parecen no intimidarla, llegando a desafiarlos, insultarlos e incluso escupirlos cuando intentan reducirla en las ocasiones en que es necesario trasladarla en ambulancia a un centro sanitario. Al parecer, su ausencia se debió a que estuvo ingresado en el Álvaro Cunqueiro. La mayoría de las veces su estancia en el hospital es de apenas unos minutos. El tiempo necesario para ser trasladada por una ambulancia y salir por su propio pie sin llegar a ser atendida.

La mujer regresa entonces a Vigo caminando por la avenida Clara Campoamor, muchas veces de noche en un vial sin apenas iluminación ni aceras, con el consiguiente peligro de ser atropellada ante la falta de visibilidad.

La situación de abandono total es consecuencia, en opinión de Antón Bouzas “de la ausencia de protocolos que permita trabajar con casos como este. La respuesta sanitaria que reciben muchas veces se queda en un intervención de urgencia que no tiene continuidad por falta de medios y de programas”, explica. Una vez que “son dados de alta, regresan al mismo punto en el que estaban, la calle, que es su único techo”.

La indigente, que algunos dicen que es natural de Toledo, lleva deambulando en Vigo aproximadamente un año. En este tiempo ya ha tenido problemas en varios barrios, siendo conocida por los comerciantes del entorno de Povisa, donde algunos la llegaron a denunciar por tirarles al suelo sus mercancías. También se deja ver con frecuencia por la zona de Fernando el Católico, plaza de España, donde agredió a una transeúnte, y desde hace algunas semanas en los alrededores de la plaza de la Industria y los juzgados

Tramitan la incapacidad de una conocida indigente de calle Coruña

Una conocida indigente asentada en los últimos meses entre las calles Coruña y Torrecedeira, con problemas de alcoholismo, tendrá que ingresar en un centro una vez que el juzgado dicte una sentencia de incapacitación permanente, que ya ha sido tramitada.

La indigente, conocida como Azucena y que fue retirada de la calle Barcelona por una orden de alejamiento dictada en el mes de julio, ha protagonizado varios incidentes por los que llegó al juzgado y donde se iniciaron los trámites pertinentes tras someterla a un reconocimiento forense. Los informes médicos determinaron que sufre un deterioro muy grave a consecuencia del alcoholismo, causa de los impulsos que le han llevado a protagonizar diversos incidentes.

Precisamente, ayer, Azucena, natural de León y sin familia convida al menos en Vigo, tenía dos juicios en el Penal, a los que no se presentó, a pesar de que visita con frecuencia las instalaciones de la calle Lalín.

Azucena está acusada de dos delitos de quebrantamiento de condena y de daños. El fiscal sostiene que, a pesar de tener una orden de alejamiento de la calle Barcelona en un radio de 500 metros, la mujer, el día 5 de septiembre, sobre las siete de la tarde se acercó a una zapatería en la Gran Vía y, una vez allí, de forma intencionada y con desprecio por la propiedad ajena, tiró una botella de cristal de cerveza contra el escaparate de la tienda de forma que causó desperfectos en el cristal, valorado en 676,08 euros.

Desde que en mayo se tuvo conocimiento de la situación de esta persona y tras su valoración psicológica, se iniciaron trámites para su incapacidad e ingreso en un centro, donde, aseguran los expertos, podría rehabilitarse.

Actualmente, vive de okupa en un local de la calle La Paz, donde se produjo un incendio el fin de semana pasado sin que se registrasen heridos

2015

Os medios de comunicación de masas son instrumentos globais que representan, resignifican e afirman perfís humanos. As súas mensaxes (mandatos, normas, reafirmacións do que outros agardan das mulleres) circulan por millóns en todo o mundo, de xeito instantáneo e uniforme.

No caso dos países occidentais as mulleres están cada vez máis integradas no mundo dos medios de comunicación. Nos últimos 30 anos a escritura das mulleres invade redaccións de libros, revistas, telexornais e xornais; de redaccións electrónicas, de páxinas web. A muller representa o 50% das cabezas que elaboran os contidos de programas de radio e televisión.

Porén, todo isto non xerou un cambio nas mensaxes dos medios nin influíu no xeito no que se selecciona e xerarquiza a información cotiá, a de telexornais, noticiarios, portais de dereitos humanos, de ecoloxía e de todos os impresos, comerciais ou sociais. Se analizamos o diario desta mañá chegaremos á conclusión de que no mundo só hai homes. É de quen e de que se fala. A política e a loita polo poder son a noticia. **A linguaxe é un dos recursos máis poderosos dos sistemas patriarcais, racistas ou clasistas para manter a suxección dos pobres, as etnias e as mulleres.**



Antecedentes

A violencia masculina contra as mulleres, referíndonos ao Estado Español, non foi de dominio público ata 1997, cando os medios de comunicación abriron os informativos e as primeiras páxinas coa noticia de que José Parejo, un xubilado granadino, rociara á súa parella, Ana Orantes, e lle prendéralle lume. A muller morreu posteriormente. Ana Orantes, que sufrira en silencio os malos tratos do asasino, contárao nun reality show da televisión andaluza. Cando el se viu exposto a toda a poboación que coñecía, asasinouna.



A morte de Ana Orantes xerou un novo prototipo de información: o feito non só modificou os criterios de selección xornalísticos, provocando un aumento da cobertura, senón que supuxo a consolidación dun tratamento distinto da violencia machista. O suceso motivou a creación dun novo enfoque informativo, un novo marco de referencia na narración deste tipo de

episodios: pasaron de ser tratados como acontecementos casuais e de sucesos a ser explicados como un **problema social**.

Obviamente, a violencia masculina contra as mulleres é moi anterior a 1997: a sociedade patriarcal, baseada no dominio dos homes sobre as mulleres, non cría convinte que este problema traspasase os límites do fogar; as mulleres maltratadas tiveron que agardar ás mobilizacións feministas dos anos 70 e posteriores que chamaron a atención dalgúns gobernos e das institucións internacionais, como a ONU.

As organizacións de mulleres foron as que obrigaron a poñer na axenda mediática o tema da violencia machista, as institucións políticas as que lexislaron e os medios de comunicación os que o fixeron visible informando á cidadanía.

Para tratar a violencia de xénero hai que ter en conta varias cuestións:

- Escribir unha noticia de violencia de xénero é moito máis complicado polos significados culturais construídos sobre o que significa ser home ou muller; as relacións entre el e ela, a violencia masculina en xeral e outros moitos aspectos que inflúen nesta cuestión.

- Os **estereotipos culturais dicotómicos** construídos sobre as mulleres represéntanas como mentireiras, caprichosas, pasivas, manipuladoras, tontas, astutas, falangueiras, histriónicas... Pola contra, aos homes como leais, intelixentes, activos, independentes, lóxicos, aventureiros, hábiles... Así pois, non pode parecer estraño que aínda hoxe haxa xornalistas que directa ou indirectamente culpen ás mulleres da violencia que padecen:

- “Nese intre, a vítima atopábase en actitude cariñosa cun veciño da localidade”

- “Ela debera denunciar por acoso ou por outros motivos, pero non consta que houbera nada parecido”

Tamén adoita ocorrer que se recorre a estereotipos culturais para desculpar as actuacións delictivas dos homes que maltratan ás mulleres:

- “ao parecer o home sufría depresións e mesmo se di que puido tentar un suicidio ou algo similar”.

- “Semella que a precaria situación económica na que se atopaba puido contribuír ao clima de tensión...”

É fundamental que a ou o xornalista sexa quen de non individualizar os casos e deixalos en meros sucesos, debe darlle unha dimensión global de problema social, analizando causas e consecuencias sen quedar no meramente anecdótico.

Nese **proceso de significación**, a redacción debe deixar as cousas claras e sen ambigüidades. Unha muller asasinada é unha muller asasinada, é dicir, non “morreu a mans da súa parella”. Por outra banda, aínda que entre no terreo da opinión (e tal e como recomenda a FAPE), os medios de comunicación tampouco deben publicar artigos opinativos que xustifiquen a violencia machista.

Para a audiencia dos medios de comunicación a realidade toma significado coas palabras que se usan, coas imaxes que se elixen, de cómo se conta a historia do asasino ou do maltrato. A través dos conceptos que usamos, da clasificación que establecemos, dos valores que asociamos á realidade da que informamos, damos significado.

A profesión xornalística debe ser consciente dos **patróns culturais** aínda hoxe existentes que nin sequera detectan os contidos que embellecen, mitigan e desculpan actitudes masculinas reprobables e punibles, mentres que ninguén lles esixe contas da discriminación negativa que exercen coas actuacións femininas. Estes significantes construídos polas representacións desde os medios de comunicación inflúen sobre a percepción social, decidindo unha actitude dos individuos que terá unha influencia innegable sobre o seu comportamento.

Un acusado de abusar y dejar embarazada a una niña: 'Estaba enamorado'

□ Pide perdón en el juicio y dice que 'sigue estando enamorado'

Una teoría que maneja la policía es que el presunto asesino estaba obsesionado con la joven, con la que ya no tenía relación sentimental, y carcomido por los celos, quería comprobar si se había citado con otro hombre al terminar la cena. Según fuentes cercanas al caso, existe la sospecha de que el plan inicial del asesino era matar a su rival o a ambos. Lo paradójico es que ella envió su último mensaje a su novio de toda la vida, con el que había vuelto, solo media hora antes de ser apuñalada diez veces en su portal.

El presunto asesino, finalmente, desistió de cometer un segundo crimen, si es que tenía una intención real de llevarlo a cabo. Quizás no tuvo la oportunidad o al ver los mensajes no encontró el nombre que él buscaba.



Obsesión con final trágico

El supuesto asesino de Ana María Enjamio, separado y con dos hijos, ya había amenazado a la joven de Boqueixón

ELPROGRESO.GALICIAE.COM

La chica de la violación de San Fermín llamó a otro hombre que había conocido esa misma noche en Pamplona para quedar con él

La llamada se produjo antes de lo que había indicado ella en su declaración inicial y, días después, le mandó un mensaje para disculparse por no haber podido verse.

SE INVESTIGA EL SUCESO

Una peruana que cayó por la ventana de su vivienda, posible segunda víctima mortal por violencia de género en España en 2017

Palabras erróneas, incorrectas ou en desuso

Na actualidade, mantéñense termos na administración como incapacidade permanente total, pensión de invalidez ou certificado de minusvalía que non favorecen que as persoas alleas ao mundo da diversidade funcional se acheguen a unha linguaxe máis positiva.

A perversión de palabras como invalidez ou incapacidade, para referirse a certo tipo de situacións dentro do campo laboral ou das pensións, explícase porque se xeneraliza o seu uso na rúa para definir a persoas con diversidade funcional de xeito xenérico e indiscriminado. A partires dese momento, unha “incapacidade permanente”, adxudicada a unha persoa traballadora vítima dunha enfermidade profesional ou accidente laboral que lle impide traballar na súa profesión habitual, convértese co tempo na palabra incapacitado como un termo máis na forma de definir a unha persoa con diversidade funcional. Só que aquí xa non se refire a alguén que non poida volver a traballar na súa profesión habitual por motivos de saúde, senón que se está chamando “non capaz”, en termos xerais, a unha persoa polo simple feito de ter unha diversidade funcional, así, sen matices.

Iso mesmo ocorre coa palabra “invalidez”, que administrativamente define e xustifica, por exemplo, a concesión dunha pensión por motivos de saúde, para converterse nun termo pexorativo cando a unha persoa con diversidade funcional se lle chama “non válida”.

Diversidade funcional e medios

O obxectivo que deben perseguir as persoas que comunican é o de dar alternativas semánticas positivas, co obxectivo de mellorar o significado e, polo tanto, a percepción que das persoas con diversidade funcional deberían dar os medios de comunicación.

Nos medios de comunicación adoitan atoparse termos insultantes, vocablos erróneos e connotacións negativas.

- Anormal: non normal
- Coxo: que coxea, ben por falta dunha perna ou un pé, ben por perda do uso normal de calquera destes membros
- Contrafeito: que ten torto ou corcovado o corpo
- Deficiente: falta ou incompleto. Que ten algún defecto ou que non acada o nivel considerado normal. Defectuoso.
- Deforme: desproporcionado ou irregular na forma. Que sufriu deformación
- Demente: Tolo, falta de xuízo. Que ten demencia
- Diminuído: que perdeu forzas ou aptitudes, ou posúeas en grao menor ao normal. Por debaixo do normal.
- Impedido: que non pode.
- Incapacitado: falta de capacidade ou aptitude para facer algo
- Inútil: que non é útil
- Inválido: non válido. Sen valor
- Lisiado: dito das persoas: que teñen algunha lesión permanente, especialmente nas extremidades
- Tolo: que perdeu a razón
- Minusválido: menos válido. Detrimento ou diminución do valor que sofre unha cousa.
- Mongólico: palabra usada para as persoas con Síndrome de Down
- Oligofrénico: relativo á oligofrenia. Aínda usado para definir a persoas con diversidade funcional intelectual.
- Paralítico: enfermo de parálise

- Perturbado: Dito dunha persoa que ten alteradas as súas facultades mentais
- Psicópata: Usado para referirse a persoas con diversidade funcional mental
- Retrasado: dito dunha persoa que non ten o desenvolvemento mental corrente
- Subnormal: por debaixo do normal
- Tarado: defectuoso, parvo
- Tullido: que perdeu o movemento do corpo ou de algún dos seus membros.

O prefixo in- significa negación ou privación, o mesmo que im- antes de p ou b. O prefixo minus- significa menos e sub- debaixo de, indicando inferioridade.

En relación coas palabras anteriores, e desde o ámbito da diversidade funcional, algunhas están en desuso, aínda que a maioría seguen en vigor. Nos medios de comunicación, non é difícil atopar titulares que falan de “perturbado”, “psicópata”, “oligofrénico” ou, mesmo, demente, que son termos pexorativos, cando se refiren a persoas con enfermidade mental ou problemas de saúde mental.

De igual xeito, utilízanse palabras ofensivas onde as haxa, como tarado, subnormal ou retrasado para referirse a unha persoa con diversidade funcional intelectual (persoas con Down, autismo ou intelixencia límite) que é como se debería dicir. Igual ocorre coa diversidade funcional física, onde “inválido”, “incapacitado” ou “impedido” son termos habituais e pouco positivos cando se refiren, nos medios, a persoas con mobilidade reducida.

FERROL

La familia pide internar a un joven demente agresivo



VIGO

La Voz de Galicia

PORTADA GALICIA EDICIÓN VIGO

Un perturbado hiere a cuatro policías con tijeras y a golpes

• Los agentes de Vigo intentaban tranquilizar a un vecino que temían que se autolesionase en el cuarto de baño y el SUP agradece que llevasen chalecos de protección

E.V.PITA. la voz, 26 de junio de 2015. Actualizado a las 17:12 h.

★★★★★ 1 votos

Con todo, recoñecemos unha eiva no proceso de que os medios adopten unha terminoloxía máis correcta e positiva: a extensión dos termos. Adoitan ser palabras compostas e longas, cando nos medios o tempo e o espazo é ouro. Resulta máis práctico usar “minusválido” que “persoa con diversidade funcional” ou “perturbado” que “persoa con esquizofrenia” ou “retrasado” que “persoa con síndrome de Down”. **Porén, do que se trata é de usar as palabras correctas e non estigmatizar nin manter termos ambiguos, negativos ou simplemente insultantes.** De feito, cando nos medios de comunicación hai que nomear e dicir o cargo que ocupan capitanías xerais, subsecretarías de Estado ou altas responsabilidades da xudicatura non se escatima espazo para que quede ben claro de quen se está a falar.

Por que se usa o morbo da diversidade funcional cando a ou o protagonista (sobre todo de sucesos truculentos o é? Pois a priori, todo parece sinalar que por dar énfase á noticia. Porén, é evidente que nin a raza, nin a nacionalidade, nin a diversidade funcional aportan nada ao titular. En caso contrario, estase usando, con premeditación, unha condición persoal de xeito sensacionalista para dar e morbo á noticia.

Erros máis habituais e recomendacións

- Usar etiquetas xenéricas para os grupos de persoas con diversidade funcional como “os xordos”. O razoable é poñer énfase nas persoas, non nas diversidade funcionais. Deberíase dicir “persoas xordas”.
- Substantivar adxectivos como “discapacitado”, cando deberíamos usar outros termos menos absolutos, poñendo “persoa” diante.

Debe dicirse “persoa con diversidade funcional” ou “persoa con alzhéimer”.

- Nalgúns ámbitos sociais, políticos e xornalísticos, adóitase cualificar á persoa obxecto de comentario como “autista”, “esquizofrénico”... co claro obxectivo de insultar ou de definir situacións para as que poden usarse palabras menos ofensivas.

- Fóra e dentro do propio colectivo úsase a palabra “normal” cando se compara á persoa con diversidade funcional con outro individuo ou colectivo social. É imprescindible ver a esta cidadanía como diversidade social e entender que, en moitas ocasións, unha boa parte das limitacións que teñen proceden da propia sociedade e non da súa deficiencia. Débese dicir “persoas sen diversidade funcional” en vez de “persoas normais”.

- Úsanse os verbos ou termos negativos como “sofre xordeira” “aflixido por”, “afectado por”, “víctima de”. Estes termos proceden da presunción de que unha persoa cunha diversidade funcional de feito sofre ou experimenta unha diminución da súa calidade de vida. Cando se describe a unha persoa que ten unha diversidade funcional, débese usar unha linguaxe neutral. Non todas as persoas cunha diversidade funcional “sofren”, “son vítimas” ou “están afectadas”. Sinxelamente, deberíase mencionar os feitos sobre a natureza da diversidade funcional da persoa. Débese usar o verbo “ter”, que é menos negativo: “ten unha distrofia muscular”.

- Tamén se usa con frecuencia a palabra “postrado” (está postrado nunha cama ou unha cadeira de rodas), cando o verbo postrar, segundo o diccionario da RAE significa “rendir, humillar. Enflaquecer, debilitar, quitar el vigor. Arrodillarse o ponerse a los pies de alguien, humillándose o en señal de respecto, veneración o ruego”. Deberíanse usar outros verbos como “está nunha cama” ou “usa cadeira de rodas”.

- Úsanse eufemismos condescendentes como “persoas dife-

rentes”, con problemas físicos”, “físicamente limitados”, “invidentes”, e diminutivos como “carriño” para referirse á cadeira de rodas, ou “taca taca” para referirse ao andador. Todos estes termos impiden mirar a diversidade funcional de fronte. O correcto sería falar de “persoas con diversidade funcional física ou con problemas de mobilidade”, ou “persoas cegas”, de “cadeira de rodas” ou de “andador”.

- **Preséntanse nos medios de comunicación ás persoas con diversidade funcional que tiveron éxito como se fosen superhombres ou supermulleres.** Isto pode distorsionar a imaxe da diversidade funcional en xeral, pois pódese entender que todos os membros deste colectivo poden chegar a cotas profesionais ou de éxito similares, cando isto non é real. A superación das múltiples barreiras que impón a diversidade funcional e a sociedade require de circunstancias persoais, culturais, educacionais e afectivas moi específicas que non todo o mundo está en condicións de posuír. O razoable é mostrar e dar a palabra ás persoas con diversidade funcional que teñen éxito e ás que non o teñen, pero loitan todos os días por levar unha vida digna e o máis normalizada posible. Iso si, hai que centrarse na persoa e non na súa diversidade funcional.

- Perpetúanse outro tipo de confusións como a de seguir usando discapacitado psíquico para referirse a persoas con diversidade funcional intelectual ou a persoas con problemas de saúde mental indistintamente, cando xa se definen dun xeito moito máis exacto as distintas diversidade funcionais. Esta confusión chegou a xerar informacións sobre persoas con enfermidades mentais con fotos de persoas con diversidade funcional intelectual e viceversa. Recoméndase usar os termos xenéricos “diversidade funcional intelectual” e “persoas con enfermidade mental ou persoas con problemas de saúde mental”. Moito mellor se se especifica a diversidade funcional concreta: “nen/a con autismo”, “persoa con síndrome de Down” ou “persoa con trastorno bipolar”.

- Outro termo inadecuado é xordomudo. Débese usar “persoas xordas” ou “persoas con deficiencia auditiva”.
- **Mesmo termos que favorecen a normalización, como “discriminación positiva”, resulta un termo negativo** (discriminación). Deberíase dicir “acción positiva ou accións positivas”.
- De igual xeito o termo “gasto social” ten connotacións negativas (gasto). Debe usarse “inversión social”.

Los discapacitados piden la retirada de los copagos

Los colectivos celebran el Día de las Personas con Discapacidad recordando las tareas pendientes

★★★★★ 5 (1 voto)



LUGO



Aparcar, tortura del discapacitado en Lugo

Las pocas plazas de aparcamiento para personas con discapacidad se encuentran ocupadas continuamente por coches no autorizados. La Policía multó a varios infractores en el Hula

SALUD

Un millón de españoles están afectados por trastorno bipolar

La mitad de los enfermos ignoran que padecen este mal, no violento

XORNALISMO, INMIGRACIÓN E MINORÍAS ÉTNICAS

Unha persoa adecúase aos arquetipos xurdidos do consenso social a través de imaxes favorables que se deben conservar e potenciar e imaxes desfavorables contra as que hai que loitar.

Na práctica cotiá as e os profesionais da información engaden aos elementos básicos de que?, quen?, onde?, cando? e por que?, outras cuestións que parecen complementar a noticia se ben o resultado final condiciona a lectura que os receptores fan da realidade a través dos medios.

A realidade xornalística demóstranos que o grupo étnico, a cor da pel, o país da orixe, a relixión ou a cultura, non son datos susceptibles de ser noticia cando se refiren ao arquetipo dominante. Por outra banda, existe a tendencia de destacar estes aspectos cando a noticia trata, directa ou indirectamente, con membros de minorías étnicas, **a pesar de que para a comprensión global da noticia non sexan estritamente precisos.**

Ademais, esta tendencia aumenta pola presión das rutinas de produción xornalística. **O mellor fronte a isto é a reflexión para non reproducir estes esquemas.**

Os medios parecen buscar unha imaxe concreta, un feito real, para confirmar un estereotipo. Xeneralizar, ás veces, favorece a comprensión da información pero, ao mesmo tempo, defórmaa e simplifícaa gravemente. A realidade informativa das persoas residentes estranxeiras non comunitarias é moito maior do que informan os medios de comunicación.

Os tópicos negativos tenden a reforzar a exclusión do grupo ou das

persoas a quen se fai referencia. É preciso evitar a aplicación de tópicos que inciden nos aspectos negativos e que quedan rexistrados no substrato cultural. **Do mesmo xeito, as xeneralizacións tenden, sen fundamento, a reforzar a asociación entre minoría étnica e problema social.**

Hai unha certa tendencia xornalística cara á etnificación da realidade social. As frases feitas e os tópicos conforman toda unha lista de prexuízos que substitúen ao xentilicio correcto para cada colectivo. O mellor xeito de evitar estas situacións é consultando ás persoas interesadas para saber como desexan ser nombrados, como individuos ou como colectivo.

Non debe potenciarse a información negativa nin as sensacionalistas. Hai que evitar crear inutilmente conflitos e dramatizalos. Hai que **potenciar a procura de noticias positivas.**

En moitos casos, a busca de información e de imaxes reforzan o noso xeito de ver a realidade. Así, nun contexto maioritariamente negativo, as opinións das persoas receptoras rematan sendo, tamén maioritariamente, negativas. As noticias de persoas residentes estranxeiras non comunitarios parecen atraer polo seu sensacionalismo e non polo seu contido noticioso. Se as e os xornalistas só nos interesamos polas informacións cando son negativas, a percepción da sociedade, nunca poderá ser positiva. Isto non quere dicir que as informacións negativas non deban difundirse, senón que é adecuado dar un contrapunto.

Se vemos os medios de comunicación podemos observar que as minorías étnicas como grupo, ou os seus membros como indivi-

duos, aparecen, case sempre, como delincuentes ou persoas obxecto de todas as desgrazas. En todo caso, a súa figura queda denigrada. O tratamento informativo destes colectivos debera ser reflexo de máxima normalidade.

Non debera esquecerse a importancia dos termos usados. É fundamental desterrar palabras como “invasión”, “brote”, “alude” ou “gran-

Hai que rachar a inercia de dirixirse sistemáticamente ás fontes institucionais. Existen máis emisores e emisoras de información e alí onde non os hai debe potenciarse a súa creación. Por parte dos colectivos de persoas residentes estranxeiras non comunitarias sería útil que tivesen a súa propia axenda de profesionais do xornalismo con sensibilidade a quen recorrer cando se produce unha noticia. Por parte da profesión, sería convinte que dispuxesen dunha axen-

UFP augura problemas sociales ante invasión de inmigrantes en Ceuta y Melilla

EFE 04/03/2014 (15:00)

des oleadas”, con persoas inmigrantes, pois iso prexudica sensiblemente a imaxe social das persoas residentes estranxeiras non comunitarios. Os medios, como xa mencionamos, institucionalizan unhas fontes en prexuízo doutras. A fiabilidade apunta sempre cara á institución. As fontes máis consultadas cando cubrimos unha información que afecta a un colectivo son, por esta orde, ministerios, persoas expertas en inmigración, servizos sociais, ONG, forzas de seguridade, concellos, etc. Case nunca son consultados as e os propios inmigrantes. As rutinas de produción informativa e a falta de informantes estables teña unha boa parte de culpa.

da de posibles informadores, con especialización, xurdido do colectivo de residentes estranxeiros non comunitarios, que puideran profundizar nestas cuestións ou dar outro punto de vista non oficial que rachase o estereotipo.

As rectificacións ás informacións que fagan referencia directa ou indirecta ás persoas residentes estranxeiras non comunitarias deberían aceptarse como unha medida práctica habitual e beneficiosa para o medio. A rectificación debe ser espontánea e próxima no tempo. É preciso ir creando unha cultura da rectificación.

- Responsabilidade dos profesionais. A importancia da ubicación física da información.

É moi importante o espazo físico que dedicamos ás informacións que fan referencia, directa ou indirectamente, ás e aos residentes estranxeiros non comunitarios. Non tanto desde o punto de vista cuantitativo, senón cualitativo. Temos que contextualizar a nosa información co resto de informacións que compartirán espazo físico ou hertziano.

É preciso intentar que o carácter negativo dunha información – mortes, enfermidades, guerras...- onde aparecen aspectos étnicos, relixiosos ou culturais, non inflúa, pola súa proximidade no espazo informativo ou polo intre da súa difusión, noutras noticias máis próximas a nós que teñan un referente étnico, relixioso e cultural similar. Unha noticia negativa afecta a outras novas que están próximas fisicamente e posúen un referente común.

As persoas editoras, xefas de sección, de área ou peche dos diferentes medios, son responsables naturais da ubicación de cada unha das informacións. Por iso teñen máis capacitación para ter unha visión global do contido informativo do medio.

As imaxes (fotografías, vídeo, etc) son os elementos máis susceptibles de ser manipulados e é fundamental extremar a prudencia á hora de seleccionar unha imaxe que pode transformar totalmente o sentido dunha información.



Informar sobre a infancia e a adolescencia supón retos especiais. Nalgúns casos, informar sobre unha persoa menor de idade supón expoñelo ao risco de sufrir represalias ou difamación. Para contar este tipo de cuestións, deben rexer uns principios básicos:

1. A dignidade e os dereitos da infancia deben respectarse en calquera circunstancia.
2. Ao entrevistar e informar sobre unha persoa menor de idade, terase en conta de xeito especial o seu dereito á intimidade e confidencialidade, a que as súas opinións sexan escoitadas, a tomar parte nas decisións que lles afectan e a ter protección fronte ao dano e as represalias reais ou potenciais.
3. Os intereses do neno ou nena terán que prevalecer sobre calquera outra consideración, inclusive sobre a vontade de denunciar as cuestións que afectan á nenez e de promover os seus dereitos.
4. Á hora de determinar que é o mellor para o neno ou nena, ponderarase debidamente o dereito a que a súa opinión sexa tida en conta conforme á súa idade e grao de madurez.
5. Para valorar as posibles derivacións políticas, sociais e culturais de calquera reportaxe, consultarase ás persoas máis próximas ao neno ou nena que coñecen a súa situación, que son quen mellor o saben.
6. Non se publicarán textos ou imaxes que, mesmo tendo modificado ou omitido os nomes ou ocultado as caras, poidan supoñer un risco para o neno ou nena, os seus irmáns, familiares ou compañeiros e compañeiras.
7. Non se entrevistará a persoas menores de idade abandonadas, en fogares de paso, centros de acollida ou refuxios que non contén cun titor identificado.

XORNALISMO E MENORES

Evidentemente, a metodoloxía para entrevistar a unha persoa menor debe seguir uns parámetros concretos.

1. Non ferir a súa sensibilidade. Evitar preguntas, opinións ou comentarios que os enxúcen ou sexan insensibles aos seus valores culturais, que os poñan en perigo ou podan humillalos ou que reaviven a súa dor e o seu pesar ante o recordo de vivencias traumáticas.
2. Á hora de escoller os protagonistas, non se pode discriminar por razón de sexo, raza, nacionalidade, relixión, posición socioeconómica, aparencia física, formación e /ou aptitudes físicas.
3. Evitar a posta en escena: non se debe pedirlle que relaten ou interpreten feitos alleos á súa propia vivencia.
4. Hai que asegurarse de que o neno, nena, adolescente e os seus tutores sexan conscientes de que falan cun ou cunha xornalista. Sempre hai que explicar o propósito da entrevista, fotografía ou vídeo e o uso que se pretende facer dela.
5. É indispensable o permiso dos tutores antes de realizar calquera entrevista, reportaxe de vídeo ou fotografías. Sempre que sexa posible, a autorización debe constar por escrito. Debe obterse en circunstancias que sexan unha garante de que a persoa menor de idade e o titor non actúan baixo coacción e que entenden que o relato no que participan




As persoas maiores de 65 anos van representar en torno a 2050, o 33 por cento de media da poboación mundial. En Galicia o índice chega ao 32 por cento nalgunhas zonas xeográficas e supera en número absoluto aos colectivos de 0 a 14 anos e incluso en determinadas áreas aos de 0 a 20 anos. Un novo fenómeno -nunca antes visto na historia da humanidade- que a súa vez xera novas necesidades e novos retos para atendelas.

Envellecer non é un problema –todo o mundo quere vivir máis e chegar a moi vello o mellor posible- aínda que si o é o non atender este novo fenómeno social e demográfico.

E como tal, as persoas maiores están pasando de ser un grupo social pouco máis que relegado e escondido ata hai pouco (como pasaba, por exemplo, coas persoas con síndrome de down ou diversidade funcional intelectual...) a ocupar un xusto lugar na sociedade.

Desta etapa onde as persoas maiores estaban representadas cun papel pasivo na sociedade, aínda prevalecen algúns prexuízos, certos tabús e maneiras sobre elas, que, a súa vez, teñen reflexo no xornalismo.

Principalmente por descoñecemento e porque ata o de agora non existía de facto un xornalismo especializado, ou nen sequera xenérico, que tivera en conta este fenómeno no seu código profesional nin deontolóxico.



Riscos da mala praxe xornalística

- Distorsión da imaxe das persoas maiores: con saúde moi deteriorada, inactivas, pobres, pasivas, aferradas aos bancos dos parques. Vivindo caoticamente en soidade abafadora ou en residencias tipo cárcere. En ocasións facendo ximnasia, formándose en universidades de maiores ou en accións solidarias, malia que de xeito pintoresco, como se se tratase dun caso moi excepcional.
- En moi poucas ocasións se ten retratado a estas persoas no seu día a día, sendo responsables da súa vida, individualmente ou á beira de persoas doutras xeracións, pero si de maneira homoxénea e como se todas fosen iguais.

Profundar nesa imaxe negativa afianza a estigmatización das persoas maiores, incrementa os estereotipos respecto a eles e, o máis grave, leva ás propias persoas maiores, ou ás que van camiño de selo, a interiorizarlo coma se fose verdadeiro.

Esta situación ten moito que ver coa imaxe da vellez que certa parte da sociedade proxecta. Na súa erradicación poden influir os medios de comunicación, evitando recorrer no seu labor a este tipo de estereotipos discriminatorios. Os máis frecuentes son:

- Elderspeak ou utilización edadista da linguaxe (discriminación pola idade) que, de xeito intencionado ou non, utiliza termos despectivos, insultos leves, comentarios negativos, disparidades sociais en negativo, sexismo e heterosexismo.

- Identificación de vellez con dependencia: a visión das persoas maiores como dependentes ou débiles é obsoleta e non corresponde á realidade. A vellez pode ser unha etapa de vulnerabilidade, pero iso dependerá doutros factores.
- Vellez como etapa dramática, de soedade, de fragilidade.
- Vellez como parodia cando emula á xuventude.
- Simplificación, superficialidade na conversación, ton emocional degradante, uso de estratexias de aclaración (por exemplo, articulación silábica en exceso) e nalgúns casos, controlando ou desaprobando as mensaxes que emite a persoa maior mediante comunicación verbal ou gestual, coma se a persoa estivese a aprender a falar ou fora un neno.
- Pode ser especialmente recorrente nos medios a imaxe homoxénea de que todas as persoas polo feito de ser maiores son iguais (na inutilidade se podería dicir).
- Reflectir unha sociedade que persigue a eterna mocidade que ademais a encumbra sobre todas as demais cunhas características que dan “valor” á persoa fronte a experiencia, os coñecementos, a sabedoría acumulada co paso dos anos, non cotizan á alza. E cando o fan, ridiculízano, fano exhibicionista, hiperbólico, no canto de enxalzalo na súa xusta medida.
- As persoas maiores teñen un papel cada vez máis relevante na sociedade, cuestión que nos reflicten habitualmente a meirande parte dos medios nos que, por outra banda, as mulleres maiores con maior asiduidade, saen retratadas de maneira distorsionada.

- Persoas maiores como intransixentes, ideolóxicamente ancladas nos males do pasado, da tradición irracional...

Tratamento adecuado nos medios

O xeito correcto de tratar a imaxe das persoas maiores nos medios e moi sinxela: presentalas xunto ás demais e coma o resto de grupos de idade.

O obxectivo que deben perseguir os comunicadores é ofrecer alternativas semánticas positivas, coa finalidade de mellorar a súa imaxe, tratamento e percepción social do colectivo.

Na linguaxe deberían rexeitarse termos como:

- Vello na súa identificación de caduco, obsoleto, antigo en sentido non moderno... Tamén as súas palabras derivadas, utilizadas con falso agarimo ou humildade: velliño, velliña...
- Avós e avoas. Non só con carácter individual (a non ser que precisa e xustamente se estea falando de alguén nesa concidición) nin como colectivo pois hai moitas persoas maiores que non son avós nin avoas e merecen o mesmo respecto que o resto. Por outra banda trátase dun termo insuficiente, que non representa a todas as persoas maiores, senón só a unha relación de parentesco. Pode ter ademais connotacións paternalistas.
- Pasa o mesmo con avoiño, avoiña, que agrava aínda máis este sentido.

- Terceira Idade: é un termo impreciso, nada profesional, caduco.
- Xubilados/as: cando se utiliza en sentido xenérico para designar ao colectivo de maiores é un termo insuficiente, posto que abarca só a quen alcanzou a idade legal para deixar de traballar, non necesariamente persoas maiores.
- Dependentes: Unha parte importante das persoas en situación de dependencia son maiores. Pero non todos os maiores están en situación de dependencia. Utilizar este termo como sinónimo de persoas maiores non corresponde á realidade.

No tratamento xeral debería rexeitarse a vellez como:

Protagonistas de noticias negativas, morbo ou sucesos truculentos, especialmente en inverno, “queimados vivos”. Moitos medios non se preocupan de presentar noticias positivas sobre persoas maiores ou seu ámbito.

Atención especial merece o sensacionalismo referido á vellez para captar a atención, o posicionamento en Google dos medios dixitais ou a audiencia nos audiovisuais.

Nos medios especializados do sector socio sanitario pódese apreciar, nalgúns casos, sobre todo os de marcada ideoloxía política contraria ao goberno de turno, a crítica ás inversión neste ámbito como gasto innecesario e non como orzamento social.

Tratamento (positivo) nos medios

- Actitudes, termos e prácticas, en positivo.
- Familiarizarse co xornalismo especializado no ámbito das persoas maiores: xeriatría, xerontoloxía, envellecemento activo, psicoxerontoloxía, demencias, deterioro cognitivo, etc. non deberían ser campos extraños para o/a profesional do xornalismo.
- Persoas maiores, persoas de idade avanzada ou colectivo senior son os mellores termos para referirse a este colectivo.
- É necesario darlle entidade propia nos medios ao tema do envellecemento activo, visualizalo coma un tema máis, facelo máis habitual, aínda que sen cometelo risco de trivializalo nin como agravio comparativo coa sobrevalorada xuventude.
- Facer propios do discurso xornalístico os beneficios e virtudes consensuados polos expertos, profesionais e científicos da xeriatría e a xerontoloxía coa práctica do envellecemento activo, as relacións interxeneracionais, o voluntariado de persoas maiores...
- Normalizar nos contextos que falan das persoas maiores as imaxes e situacións ata de agora non habituais ou tratadas como excepcionais, casi exóticas, por exemplo persoas maiores utilizando modernas tecnoloxías, de xeito equilibrado, para non caer no risco da ridiculización ou superficialidade.
- Ter en conta en todo momento o criterio da rigurosidade e a dignidade no tratamento do fenómeno do envellecemento e das persoas maiores.

Os deportes son un tema que interesa a sociedade. Só hai que ver o fervor co que as masas se moven para animar aos seus equipos, ou a cantidade de persoas que move uns Xogos Olímpicos ou un torneo prestixioso de tenis.

O deporte ten asociados uns valores moi positivos: esforzo, traballo, benestar, colaboración, traballo en equipo, superación... Ditos valores son os que deberían imperar nas noticias asociadas a este fenómeno.

Porén, o que máis resalta nos medios deportivos, probablemente nun afán de ter máis visitas e lectores é o **machismo**. O deporte feminino aparece pouco e cando o fai é para considerar as deportistas como obxectos eróticos e non como competidoras.

Un bo exemplo disto son as realizacións televisivas do voley praia, onde, no caso feminino, abundan os planos do cú das xogadoras. Isto non ocorre no caso dos homes. As e os xornalistas deportivos deben resaltar o talento deportivo das mulleres e asumir o papel de educadores sociais que desempeñan. Ademais, os medios tamén tenden a infantilizar as mulleres, poñendo a homes por diante delas nos seus éxitos (pais, parellas, adestradores...).

Por outra banda, e no caso das profesionais que desempeñan o xornalismo deportivo, son tratadas como floreiros e danlles ese papel de “parvas pero guapas”. Caso paradigmático foi o famoso “Grazas Sara” con Sara Carbonero.

A PRAXE QUE DISCRIMINA: XORNALISMO E DEPORTE



ABC

ME GUSTA

RÍO 2016 | HALTEROFILIA

Lydia Valentín, una Hércules con maquillaje



Mide 170 centímetros y pesa 98 kilos. Una portera #balonmano sin complejos en #Rio2016 bit.ly/2b0oFIF



Bibliografía

Pautas sobre la cobertura periodística sobre temas de la niñez y la adolescencia – Unicef

Periodismo y exclusión social, Asociación de Prensa de La Rioja

Comunicación e cidadanía ISSN 1886 – 8975|nº1| 2007 – El Mundo se escribe en masculino, Mujeres y medios de comunicación, Ana Silvia Monzón

Género y comunicación. Plaza, Juan F. y Delgado, Carmen (eds.). 2007. Madrid: Editorial Fundamentos. (Pp. 73-101). ¿Cómo tratan la violencia de género los medios de comunicación?

Guía de estilo sobre discapacidad para profesionales de los medios de comunicación, Real Patronato sobre Discapacidad

Manual de estilo sobre minorías étnicas, Colegio de Periodistas de Cataluña

Comunicación e cidadanía ISSN 1886-8975|nº2| 2008 Comunicación e minorías étnicas

Coordinadoras do traballo:

Marta Capeáns Outeiro, Presidenta
Sara Torreiro Rodríguez, Responsable de Comunicación

Grupo de traballo:

Gonzalo Saborido Martínez, Vicepresidencia
María Isabel Ríos Paz, Secretaria
Jesús Pérez González, Tesoureiro
Beatriz de la Torre Bermúdez, Vogalía
David Saavedra Pino, Vogalía
Carlota Obelleiro Madroñal, Vogalía
Patricia Blanco Riveiro, Vogalía

Colaboración especial:

Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontoloxía

Responsable de Edición: Marta Capeáns Outeiro

Maquetación: ECO360

GUÍA

Edición
castellano



de

Comunicación



Esta Guía de Estilo pretende ser una herramienta para los y las profesionales de la información y la comunicación y todas las personas que pretendan comunicar la realidad social desde una honesta objetividad, sin estigmas y sin perjuicios. Del mismo modo, pretende transmitir la diversa realidad de las personas en riesgo de exclusión o situación de dependencia, de la diversidad funcional, de los menores, niñas y niños, de edad en situación de conflicto, de las mujeres como colectivo vulnerable, de la inmigración y las minorías étnicas.

El mundo está en pleno proceso de grandes transformaciones sociales, impulsadas por las olas de migraciones, la urbanización, el cambio climático, los avances tecnológicos. El envejecimiento de la sociedad en algunos sitios y el aumento de la población joven en otros. Todas estas transformaciones ofrecen oportunidades para la inclusión, o la exclusión, si no se hace nada para evitarlo.

La inclusión es importante en sí misma, pero también porque es el fundamento de la prosperidad compartida. La exclusión social es siempre demasiado onerosa. Implica costes sociales, políticos y económicos si no se enfrenta la exclusión de grupos completos de personas. Es fundamental entender los por qués, las causas de la exclusión, y hay muchas maneras de hacerlo.

Las y los trabajadores sociales juegan un rol fundamental a la hora de descubrir esos motivos y prever o analizar las consecuencias. Su trabajo de acompañamiento es básico para saber manejar y corregir situaciones de este tipo. Sin embargo, hay otra pata fundamental: la comunicación.

Cada comunicador o comunicadora, cada periodista es responsable de la mediación que hace entre los hechos y la sociedad. Por eso esta mediación debe ser honesta, rigurosa y con un lenguaje que conciencie y cree los marcos adecuados en la mente de las personas receptoras

